b e i	B2.7. Uso dirixido das tecnoloxías da información e das bibliotecas para obter informacións relevantes para realizar as súas tarefas.	B2.5. Utilizar as tecnoloxías da información para obter información necesaria para a realización das súas tarefas.	LGB2.5.1. Utiliza, de forma guiada, as tecnoloxías da información para obter información.	LGB2.5.1. Utiliza, de forma guiada, as tecnoloxías da información para obter información.	CCL CD CAA
			LGB2.5.2. Utiliza dicionarios dixitais para interpretar a información dun texto.	LGB2.5.2. Utiliza dicionarios dixitais para interpretar a información dun texto.	CCL CAA CD CSIEE
a b e	B2.8. Lectura persoal, silenciosa e en voz alta, de textos en galego adaptados aos seus intereses. B2.9. Dramatización e lectura dramatizada de textos literarios e non	B2.6. Ler, en silencio ou en voz alta, textos en galego adaptados aos seus intereses.	LGB2.6.3. Le textos, adaptados á súa idade e aos seus intereses, en silencio e sen dificultade.	LGB2.6.3. Le textos, adaptados á súa idade e aos seus intereses, en silencio e sen dificultade.	CCL

Obx.	Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles	C. clave
	literarios.				
a b e m	B2.13. Desenvolvemento da autonomía lectora, da capacidade de elección de temas e de textos e de expresión das preferencias persoais.	B2.10. Amosar certa autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen de expresar preferencias.	LGB2.10.1. Amosa certa autonomía lectora e capacidade de seleccionar textos do seu interese.	LGB2.10.1. Amosa certa autonomía lectora.	CCL
			LGB2.10.2. Expresa, de maneira sinxela, opinións e valoracións sobre as lecturas feitas.	LGB2.10.2. Expresa, de maneira sinxela, opinións e valoracións sobre as lecturas feitas.	CCL CSC CAA CSIEE
BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA: ESCRIBIR					
a b e	B3.1. Uso, de maneira xeral, das estratexias de planificación, de textualización e revisión como partes do proceso escritor.	B3.1. Usar, de maneira xeral, as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.	LGB3.1.2. Elabora o texto cunha estrutura definida, con coherencia xeral e de xeito creativo.	LGB3.1.2. Elabora o texto con coherencia.	CCL CAA CSIEE
			LGB3.1.3. Aplica, de forma xeral, os signos de puntuación (punto, coma, punto e coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación).	LGB3.1.3. Aplica, de forma xeral, os signos de puntuación.	CCL
			LGB3.1.4. Aplica, de maneira xeral, a norma lingüística: ortografía, acentuación, léxico, morfosintaxe.	LGB3.1.4. Aplica, de maneira xeral, a norma lingüística: ortografía, acentuación, léxico, morfosintaxe.	CCL CSC CCEC
			LGB3.1.5. Escribe textos propios seguindo o proceso de planificación, redacción, revisión e elabora borradores.	LGB3.1.5. Escribe textos propios.	CCL CAA CSIEE
a	B3.2. Composición de textos propios de	B3.2. Crear textos sinxelos de diferente	LGB3.2.1. Elabora, en diferentes	LGB3.2.1. Elabora, en diferentes soportes,	CCL

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles	C. clave
b e i o	situacións cotiás de relación social (correspondencia básica, mensaxes curtas, normas de convivencia, avisos, solicitudes, instrucións) de acordo coas características propias destes xéneros. B3.3. Composición de textos de información e de opinión moi sinxelos, característicos dos medios de comunicación social, sobre acontecementos significativos, con especial incidencia na noticia e nas cartas á dirección do xornal, en situacións reais ou simuladas.	tipoloxía que permitan narrar, describir e resumir emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación.	soportes, textos propios da vida cotiá e académica, imitando modelos: cartas e correos electrónicos, mensaxes curtas, normas de convivencia, avisos, instrucións...	textos propios da vida cotiá.	CAA CD
			LGB3.2.4. Escribe textos coherentes empregando algúns elementos de cohesión.	LGB3.2.4. Escribe textos coherentes.	CCL CSC CCEC
b d e i j	B3.6. Uso guiado de programas informáticos de procesamento de textos.	B3.5. Usar, de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto.	LGB3.5.1. Usa, de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto.	LGB3.5.1. Usa, de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto.	CCL CD CAA CSIEE
a b e i	B3.8. Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos e respecto pola norma ortográfica. B3.9. Valoración da escritura como instrumento de relación social, de obtención e de reelaboración da información e dos coñecementos.	B3.7. Coidar a presentación dos traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación.	LGB3.7.1. Coida a presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: marxes, disposición no papel, limpeza, calidade caligráfica, interliñado... en calquera soporte.	LGB3.7.1. Coida a presentación dos textos.	CCL CD CAA
BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA					
e	B4.1. Uso e identificación intuitiva da terminoloxía seguinte nas actividades de produción e interpretación: denominación	B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, como apoio á comprensión e á produción de textos,	LGB4.1.1. Sinala a denominación dos textos traballados e reconece nestes enunciados, palabras e sílabas.	LGB4.1.1. Sinala e reconece palabras e sílabas e diferentes textos..	CCL CAA

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles	C. clave
	dos textos traballados; enunciado, palabra e sílaba, xénero e número, determinantes, cuantificadores, tempos verbais (pasado, presente e futuro).	así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.	LGB4.1.2. Identifica o tempo verbal (presente, pasado e futuro) en formas verbais dadas.	LGB4.1.2. Identifica o tempo verbal (presente, pasado e futuro) en formas verbais dadas.	CCL CAA
			LGB4.1.3. Diferencia as sílabas que conforman cada palabra, diferenciando a sílaba tónica das átonas.	LGB4.1.3. Diferencia as sílabas que conforman cada palabra, diferenciando a sílaba tónica das átonas.	CCL CAA
			LGB4.1.4. Identifica nun texto substantivos, adxectivos determinantes e cuantificadores.	LGB4.1.4. Identifica nun texto substantivos, adxectivos e determinantes.	CCL CAA
			LGB4.1.5. Sinala o xénero e número de palabras dadas e cámbiao.	LGB4.1.5. Sinala o xénero e número de palabras dadas e cámbiao.	CCL CAA
b e	B4.2. Aplicación xeral das normas ortográficas, apreciando o seu valor social.	B4.2. Aplicar, de forma xeral, as normas ortográficas xerais e as de acentuación en particular, apreciando o seu valor social e a necesidade de cinguirse a elas.	LGB4.2.1. Aplica xeralmente as normas de acentuación.	LGB4.2.1. Aplica xeralmente as normas de acentuación.	CCL CSC CCEC
			LGB4.2.2. Coñece e utiliza as normas ortográficas básicas, aplicándoas nas súas producións escritas.	LGB4.2.2. Coñece e utiliza as normas ortográficas básicas.	CCL CSC CCEC
e	B4.3. Comparación e transformación de enunciados, mediante inserción, supresión, cambio de orde, segmentación e recomposición, para xulgar sobre a gramaticalidade dos resultados e facilitar o desenvolvemento dos conceptos lingüísticos e da metalinguaxe.	B4.3. Utilizar correctamente as regras de puntuación, así como construír correctamente as oracións desde o punto de vista sintáctico, nas producións orais e escritas.	LGB4.3.1. Emprega con correccións os signos de puntuación.	LGB4.3.1. Emprega con correccións os signos de puntuación.	CCL

Obx.	Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles	C. clave
e	B4.7. Identificación intuitiva do verbo e os seus complementos, especialmente o suxeito, así como dalgúns papeis semánticos do suxeito.	B4.5. Identificar intuitivamente o suxeito e o predicado, así como o papel semántico do suxeito, para mellorar a comprensión e a produción de textos.	LGB4.5.2. Sinala intuitivamente o verbo e os seus complementos, especialmente o suxeito, en oracións.	LGB4.5.2. Sinala intuitivamente o verbo e o suxeito, en oracións.	CCL CAA
b e i o	B4.9. Identificación de palabras compostas e derivadas, de sinónimos de antónimos e palabras polisémicas de uso habitual, en relación coa comprensión e coa produción de textos.	B4.7. Identificar palabras compostas e derivadas, así como sinónimos, antónimos e palabras polisémicas de uso habitual, para comprender e producir textos.	LGB4.7.1. Recoñece palabras derivadas e compostas, identificando e formando familias de palabras.	LGB4.7.1. Recoñece palabras derivadas e compostas, formando familias de palabras.	CCL CAA
			LGB4.7.2. Recoñece e usa sinónimos, antónimos, palabras polisémicas de uso habitual.	LGB4.7.2. Recoñece sinónimos, antónimos, palabras polisémicas de uso habitual.	CCL CAA

1.5 Matemáticas.

Obx.	Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles	C. C.
BLOQUE 1. PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS					
g	B1.3. Acercamento ao método de traballo científico mediante o estudo dalgunhas das súas características e a súa práctica en situacións sinxelas.	B1.4. Identificar e resolver problemas da vida cotiá, axeitados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados para a resolución de problemas.	MTB1.4.1. Practica o método científico sendo ordenado, organizado e sistemático.	MTB1.4.1. Resolve problemas seguindo un guión establecido.	CMCT CAA
b g	B1.4. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.	B1.5. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao traballo matemático.	MTB1.5.1. Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas: esforzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica	MTB1.5.1. Amosa unha actitude de esforzo no traballo nas matemáticas.	CMCT CSC CSIEE

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles	C. C.
			razoada.		
b g i	<p>B1.5. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, realizar cálculos numéricos, resolver problemas e presentar resultados.</p> <p>B1.6. Integración nas tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe.</p>	<p>B1.6. Utilizar os medios tecnolóxicos de modo habitual no proceso de aprendizaxe, buscando, analizando e seleccionando información relevante en internet ou en outras fontes elaborando documentos propios, facendo exposicións e argumentacións.</p>	<p>MTB1.6.1. Utiliza ferramentas tecnolóxicas para a realización de cálculos numéricos, para aprender e resolver problemas.</p>	<p>MTB1.6.1. Utiliza ferramentas tecnolóxicas para a realización de cálculos numéricos.</p>	<p>CMCT CD CAA</p>
BLOQUE 2. NÚMEROS					
b g	<p>B2.11. Operacións con números naturais: suma, resta, multiplicación e división.</p> <p>B2.12. Identificación e uso dos termos propios da división.</p> <p>B2.13. Propiedades das operacións e relacións entre elas utilizando números naturais.</p> <p>B2.14. Concepto de fracción como relación entre as partes o todo.</p> <p>B2.15. Operacións con fraccións.</p> <p>B2.16. Operacións con números decimais.</p> <p>B2.17. Utilización dos algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división.</p>	<p>B2.3. Operar cos números tendo en conta a xerarquía nas operacións, aplicando as súas propiedades, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se utilizan segundo a natureza do cálculo que se realizará (algoritmos escritos, cálculo mental, tenteo, estimación, calculadora), usando o máis adecuado.</p>	<p>MTB2.3.1. Aplica as propiedades das operacións e as relacións entre elas.</p> <p>MTB2.3.3. Realiza operacións con números decimais na resolución de problemas contextualizados.</p>	<p>MTB2.3.1. Coñece as propiedades das operacións.</p> <p>MTB2.3.3. Resolve problemas con números decimais.</p>	<p>CMCT CAA</p> <p>CMCT CAA</p>
b g i	<p>B2.18. Estimación de resultados.</p> <p>B2.19. Utilización dos algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división.</p> <p>B2.20. Automatización de algoritmos.</p> <p>B2.21. Descomposición de números</p>	<p>B2.4. Coñecer, utilizar e automatizar algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de</p>	<p>MTB2.4.1. Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división (de ata dúas cifras) con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e</p>	<p>MTB2.4.1. Emprega os algoritmos estándar da suma, resta, multiplicación e división (de ata unha cifras).</p>	<p>CMCT CAA</p>

Obx.	Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles	C. C.
	naturais atendendo ao valor posicional das súas cifras. B2.22. Construción de series ascendentes e descendentes. B2.23. Descomposición de números decimais atendendo ao valor posicional das súas cifras. B2.24. Elaboración e uso de estratexias de cálculo mental. B2.25. Utilización da calculadora.	problemas e en situacións da vida cotiá.	en situacións cotiás. MTB2.4.3. Elabora e emprega estratexias de cálculo mental. MTB2.4.4. Estima e redondea o resultado dun cálculo valorando a resposta.	MTB2.4.3. Emprega estratexias de cálculo mental. MTB2.4.4. Redondea o resultado dun cálculo.	CMCT CAA CMCT CAA
b g	B2.26. Comprobación de resultados mediante estratexias aritméticas. B2.27. Resolución de problemas da vida cotiá.	B2.5. Identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	MTB2.5.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións. MTB2.5.2. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e buscando outras formas de resolvelo.	MTB2.5.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando un guión dado. MTB2.5.2. Revisa nos problemas as operacións empregadas e comproba as solucións.	CMCT CAA CMCT CAA CSIEE
BLOQUE 3. MEDIDA					
b e g	B3.1. Elección da unidade máis axeitada para a expresión dunha medida. B3.2. Realización de medicións.	B3.1. Escoller os instrumentos de medida máis pertinentes en cada caso, estimando a medida de magnitudes de lonxitude, capacidade, masa e tempo	MTB3.1.1. Estima lonxitudes, capacidades e masas de obxectos e espazos coñecidos elixindo a unidade e os instrumentos máis axeitados para	MTB3.1.1. Estima lonxitudes, capacidades e masas de obxectos e espazos.	CMCT CCL CAA

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles	C. C.
	B3.3. Estimación de lonxitudes, capacidades e masas de obxectos e espazos coñecidos; elección da unidade e dos instrumentos máis axeitados para medir e expresar unha medida.	facendo previsións razoables.	medir e expresar unha medida, explicando de forma oral o proceso seguido e a estratexia utilizada.		
			MTB3.1.2. Mide con instrumentos, utilizando estratexias e unidades convencionais e non convencionais, elixindo a unidade máis axeitada para a expresión dunha medida.	MTB3.1.2. Elixo a unidade máis axeitada para a expresión dunha medida.	CMCT CAA
G	B3.4. Comparación e ordenación de medidas dunha mesma magnitude. B3.5. Desenvolvemento de estratexias para medir figuras de maneira exacta e aproximada. B3.6. Sumar e restar medidas de lonxitude, capacidade e masa.	B3.2. Operar con diferentes medidas.	MTB3.2.1. Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade e masa en forma simple dando o resultado na unidade determinada de antemán. MTB3.2.2. Expresa en forma simple a medición da lonxitude, capacidade ou masa dada en forma complexa e viceversa. MTB3.2.3. Compara e ordena medidas dunha mesma magnitude.	MTB3.2.1. Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade e masa en forma simple. MTB3.2.2. Distingue entre forma complexa e forma simple das medicións de lonxitude, capacidade ou masa. MTB3.2.3. Compara medidas dunha mesma magnitude.	CMCT CMCT CMCT
B G	B3.7. Unidades de medida do tempo e as súas relación. B3.8. Equivalencias e transformacións entre horas, minutos e segundos. B3.9. Lectura en reloxos analóxicos e dixitais. B3.10. Cálculos con medidas temporais.	B3.3. Coñecer as unidades de medida do tempo e as súas relación, utilizándoas para resolver problemas da vida diaria.	MTB3.3.1. Resolve problemas da vida diaria utilizando as medidas temporais e as súas relacións.	MTB3.3.1. Resolve problemas utilizando as medidas temporais básicas.	CMCT CAA
B G	B3.11. O sistema monetario da Unión Europea. Unidade principal: o euro. Valor das diferentes moedas e billetes.	B3.4. Coñecer o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea.	MTB3.4.1. Coñece a función, o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario	MTB3.4.1. Coñece o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema	CMCT CAA

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles	C. C.
	<p>B3.12. Múltiplos e submúltiplos do euros.</p> <p>B3.13. Equivalencias entre moedas e billetes.</p>		da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais coma figuradas.	monetario da Unión Europea.	CSC

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.

2.1 Avaliación.

Procedementos.

A avaliación nas distintas áreas farase a partir do análise, revisión e valoración de: as producións do alumnado, as tarefas presentadas, as probas para comprobar o dominio dos contidos traballados e as actividades de comprensión lectora. Sempre tendo en conta as circunstancias de cada alumno e valorando tanto os prazos de entrega como os contidos dos traballos.

Instrumentos.

Os instrumentos que utilizarei para valorar o traballo do alumnado serán:

- Diario de traballo.
- Listas de control.
- Escalas de valores.
- Rubricas.
- Escalas de observación.

2.2 Cualificación.

Para determinar a cualificación do terceiro trimestre partiremos da media das notas obtidas na primeira e segunda avaliación. A esta media lle engadiremos a nota resultante de valorar o esforzo e o traballo que o alumnado acha realizado durante este tempo. Esta nota sempre será unha valoración en positivo.

Para obter esta nota teremos en conta:

- A entrega das tarefas en tempo, cun peso do 10%.
- A presentación e limpeza dos traballos, cun peso do 20%.
- A correcta realización das tarefas, cun peso do 70%.

Nas áreas que non se van traballar neste período de tempo manterase a nota do 2º trimestre.

2.3 Alumnado con materias pendentes.

Criterios de avaliación

Para os alumnos con materias pendentes, elaborárase un Plan de Recuperación de ditas materias co obxectivo de que poidan recuperalas.

Na elaboración de dito plan participaran as especialistas de P.T. e A.L. no caso de que estiveran traballando con estes alumnos antes do confinamento.

Criterios de cualificación

Para cualificar a estes alumnos seguiranse os mesmos criterios que para o alumnado sen materias suspensas.

Procedementos e instrumentos de avaliación

Os procedementos e instrumentos utilizados para avaliar a estes alumnos serán os mesmos que se utilizarán para o resto do alumnado.

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE.

3.1 Actividades

As actividades propostas para estas materias estarán, centradas no reforzo e repaso dos contidos traballados ata o estado de alarma, atendendo principalmente as competencias clave.

Irán dirixidas a axudar a manter os hábitos e o proceso de aprendizaxe e deseñadas para chegar a todo o alumnado.

Proporanse actividades fundamentalmente en soporte dixital, pero tamén actividades das de sempre (traballo en libreta e fichas).

Todas estas tarefas realizaranse de forma individual, aínda que unha vez recibidas polo profesor, algunhas delas, serán postas en común a través das vídeo clases.

3.2 Metodoloxía

Seguimos traballando na mesma liña, empregando unha metodoloxía flexible, aberta e activa na que o alumnado é o centro do proceso de ensino-aprendizaxe.

O feito de traballar dende casa implica que debemos propor a noso alumnado, tarefas motivadoras para que non caia na monotonía.

Ademais de ser máis flexibles, respectando as características individuais e o distintos ritmos do alumnado e tendo en conta os medios que teñen a súa disposición.

A partir dos datos recadados na enquisa ás familias sobre a súa dispoñibilidade de medios informáticos e corrixidas por parte do centro, con axuda do concello, as carencias de algunha familia. Sabemos que todos poden traballar con medios informáticos, polo que as tarefas propostas utilizarán internet como base:

- Xogos e fichas interactivas.
- Envío e recollida das tarefas.
- Medio para busca de información.
- Medio para establecer comunicación cos alumnos en gran e en pequeno grupo (vídeo clases).

Tamén propóranse actividades das de sempre:

- Exercicios nas libretas e en fichas.
- Produción literaria.
- Realización de traballos de investigación.
- Lectura.

Non nos esquecemos das actividades complementarias, que propoñen as distintas coordinacións do centro e que implican a participación da familia.

Todas as actividades propostas serán comunicadas os alumnos e a súas familias a través de:

- Páxina web do colexio.
- Os Blogs creados polos especialistas.
- O correo electrónico da aula (cedeira4primaria@gmail.com).

Por outra banda, a interacción entre alumnado e titor será continua, a través de vídeo clases e o correo electrónico.

- Realizaranse dúas sesión de vídeo clase, mércores e venres pola mañá, para a corrección de tarefas, explicación de contidos, resolución de dúbidas e posta en común.
- Outras dúas sesión de vídeo clase (de carácter optativo), luns e xoves pola tarde, para resolución de dúbidas e para charlar.
- E de forma non presencial, a través do correo electrónico (resolución de dúbidas, entrega e corrección de tarefas).

3.3 Materiais e recursos.

Estamos poñendo a disposición de todo o alumnado as ferramentas necesarias para que poidan continuar dende a súa casa o traballo iniciado nas aulas, para isto as TIC están sendo un elemento fundamental nestes momentos tanto para comunicarnos co alumnado e coas familias como para que podan continuar traballando na casa.

Os materiais empregados son:

- Recursos interactivos como xogos e fichas.
- Recursos da rede (páxinas, buscadores, actividades para imprimir....).
- Libros de texto e libretas do alumno.
- Libros de lectura.

4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.

4.1 Información ao alumnado e as familias.

O alumnado e as súas familias serán informados en todo momento, tanto por parte da dirección do centro como por o equipo docente (especialistas e titor), mediante o correo electrónico, a web do centro, os Blogues das especialidades, vídeo chamadas (Cisco Webes), a aplicación Abalar Móbil e a través do teléfono do centro.

Esta comunicación será constante e con ela pretendemos: informar, asesorar e acompañar ao nosa alumnado durante este tempo.

4.2 Publicidade.

Esta adaptación da programación didáctica de 4º de primaria estará dispoñible para a súa consulta na páxina Web do centro.

Cedeira a 12 de maio 2020.